



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE ONCE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 22)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **once de xuño de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATRO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catro de xuño de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MUDANZA E TRASLADO DE DIFERENTES SERVIZOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN VARIAS UBICACIÓNS ATA OS PAVILLÓNS Nº 1 E Nº 2 DO FOGAR DE SANTA MARÍA EN LUGO E NAVES DO POLÍGONO DO CONCELLO DE BEGONTE.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do Servizo de mudanza e traslado de diferentes servizos da Deputación Provincial de Lugo en varias ubicacións ata os pavillóns Nº 1 e Nº 2 do Fogar de Santa María en Lugo e naves do polígono do Concello de Begonte, consta no mesmo:

Providencia de inicio e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7ERSHLZE52ZXP62EHVMIPGGQ.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7ESTHI3FOP3363RT6UOZPE4Q.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7ERSHILREZZOPOZVEDL3YTAU.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7ES2XPZBUJL7WLC3XGGIKE7Y.



Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7ES2XDYB4T3OOCYNXVMM7CF4.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7ES2ZZJZJL2WNN2JO5DZKEKQ.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do Servizo de mudanza e traslado de diferentes servizos da Deputación Provincial de Lugo en varias ubicacións ata os pavillóns Nº 1 e Nº 2 do Fogar de Santa María en Lugo e naves do polígono do Concello de Begonte 2021/CON_02/000047.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, con pluralidade de criterios de adxudicación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 45.000,00 euros, aos que se engadirán 9.450,00 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 54.450,00 euros.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DUNHA CABEZA TRACTORA CUN SEMIREMOLQUE TIPO BAÑEIRA CON DESTINO AO PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de subministración dunha cabeza tractora cun semi remolque tipo bañeira para o Parque Móbil Provincial, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7ESTHIPRBLXFNNVQ7QKIZ6DY.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7ESTHJJRNTZTW56QEHYYF6Q.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7EU4LTIH56VPZTQJGT6PTVIFY.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento.

Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7ESXJZNVWO3T4C6F5MG72X54.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración dunha cabeza tractora cun semi remolque tipo bañeira para o Parque Móbil Provincial, con prazo de entrega de 300 días naturais, contados a



partir da sinatura do contrato administrativo, sen posibilidade de prórroga (salvo excepción feita no artigo 195.2 para atrasos ou demoras).

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP, en base á mellor relación calidade-prezo; e dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 153.670,00 euros. O orzamento base de licitación inclúe 26.670,00 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 127.000,00 euros de base.”

Débase ter en conta as palabras da Sra. Interventora, nas que se sinala que se produciu un erro no número da aplicación orzamentaria sendo a correcto o seguinte: 9201.63455.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS E MATERIAL SANITARIO VETERINARIO E OUTROS PRODUTOS DE USO VETERINARIO PARA A XESTIÓN SANITARIA DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de Subministración de medicamentos e material sanitario veterinario e outros produtos de uso veterinario para a xestión sanitaria da Granxa Provincial Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo, consta no mesmo:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7ESTSJ3QGLVGZI45OUMZPQ4I.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7EUSQCAFMT7CGPXVORD7QQKA.

Informe complementario importe anualidades, con CSV: IV7ESXIDLNJIR7W6WRHMARS66Y.

Prego de prescricións técnicas, PPT Lote 1, con CSV: IV7ES6T3HFFCR3WSCPXUKAJGEQ e PPT Lote 2 con CSV: IV7ES6T3YEGNVGHKQZVUKADGKM.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7ES6TYFVJTWVNPSMNN64PXHY.

Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7ES2XCFEEZRFFZ6EQGAJY64Q.

Informe xurídico complementario asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta: IV7ES6QTZE4LXSP46MYUGUHB4Y.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7ES4IYPUO75L5N4FHDDZBW6I.



Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de medicamentos e material sanitario veterinario e outros produtos de uso veterinario para a xestión sanitaria da Granxa provincial Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo. Lote 1: Subministración de medicamentos veterinarios. Lote 2: Subministración material sanitario veterinario e outros produtos de uso veterinario.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterio de puntuación, que se recolle para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, considerando a sinxeleza das operacións a realizar.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, con un único criterio de adxudicación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 26.772,99 euros (IVE engadido correspondendo a partida do IVE a 2.841,67 €), con cargo ó orzamento das anualidades 2021 e 2022, atendendo a seguinte desagregación:

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (OBL)					
LOTES	2021 Orzamento (sen IVE)	IVE (10% e 21% respectivamente)	2022 Orzamento (sen IVE)	IVE	
Lote 1 - Medicamentos veterinarios	11.581,34 €	1.158,13 €	8.272,38 €	827,24 €	
Lote 2 - Subministración de material sanitario veterinario e de outros produtos de uso veterinario	2.378,60 €	499,50 €	1.699,00 €	356,80 €	
TOTAIS	13.959,94 €	1.657,63 €	9.971,38 €	1.184,04 €	26.772,99 €

ANUALIDADE	APLICACIÓN	RC	IMPORTE IVE DEDUCIBLE	TOTAL IVE INCLUIDO
2021	4120.22106	22021/10311	13.959,94	
2022	4120.22106	220219/192	9.971,38	
			23.931,32	26.772,99

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 15.617,58 € para a anualidade 2021. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DOS SERVIZOS DE COMUNICACIÓNS (TELEFONÍA FIXA, MÓBIL, DATOS E ACCESO A INTERNET) DA REDE INTERADMINISTRATIVA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que se conteñen os seguintes extremos:

“1.-Antecedentes administrativos.



Acordo da Xunta de Goberno de data doce de xuño de dous mil vinte , polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

Publicación do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e no DOUE.

A contratación adxudicouse mediante acordo de Xunta de Goberno de data 13 de novembro de 2020.

“(…)

1º Adxudicar a contratación dos á U.T.E. “Telefónica de España, S.A.U., Telefónica Móviles España, S.A.U., segundo o ofertado e que se detalla a continuación.

LICITADORES	Oferta económica	INCREMENTO DE ASISTENTES/INSCRICIÓN OFERTADO SOBRE O MÍNIMO RECOLLIDO NO PUNTO 10 DO PPT (1) POLO LICITADOR (Porcentaxe asignado á campana de comunicación en relación ao orzamento base da licitación polo licitador(*)
		CURSOS	INCREMENTO ASISTENTES	
Telefónica de España, S.A.U., Telefónica Móviles España, S.A.U (U.T.E.)	Oferta realizar o obxecto do contrato por un prezo (estimado por dous anos) de 768.000 euros máis 161.280 euros en concepto de IVE (21%), ascendendo o importe total a 929.280 euros para os dous anos.	COMPTIA Security+	3	0,2% sobre o orzamento base de licitación
		COMPTIA Network+	3	
		Certified Information Systems Security Professional (CISSP)	3	
		Curso Oficial de fabricante do firewall proposto como segunda barreira perimetral	3	

(…)”.

Na data do 20 de xaneiro de 2021 asinouse o contrato administrativo, con efectos do día 01 de febreiro de 2021. O contrato terá unha duración máxima de vixencia de dous anos e poderá prorrogarse, sen que a duración total do contrato exceda dos 4 anos.

O día 27 de maio de 2021, Diego Rodríguez Albardonedo, Enxeñeiro Técnico de Telecomunicacións do Servizo de Novas Tecnoloxías e Responsable do contrato, presenta un escrito

conformado polo Deputado da Área de Promoción Económica e Social, onde se solicita unha modificación do contrato por un importe de 54.874,78 € (IVE engadido).

Informe con CSV: IV7ESWY43MH4KSOTQPUDOQ2EG4 emitido polo Responsable do Contrato e complementario ao emitido en data 27.05.2021 e citado no antecedente do pto.5 de este informe.

Legislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/ UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídicas.

Modificación prevista no PCAP.

No cadro resumen do PCAP, apartado “T”, preveese a posibilidade de modificación.



“Modificacións: SI. Modificación ao abeiro da D.A. 33 da LCSP, prevista no PCAP (204 LCSP), en caso de que as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente, circunstancia que deberá estar debidamente acreditada no expediente, poderá modificarse o contrato co límite máximo do 20% do prezo inicial. A citada modificación tramitarase antes de que se esgote o presuposto máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades.”

Obxeto da modificación.

O día 27 de maio de 2021, Diego Rodríguez Albaronedo, Enxeñeiro Técnico de Telecomunicacións do Servizo de Novas Tecnoloxías e Responsable do contrato, presenta un escrito conformado polo Deputado da Área de Promoción Económica e Social (CSV:IV7EQWKCLV44R7ULWN6WAU26IY), onde se solicita unha modificación do contrato por un importe de 54.874,78 € (IVE engadido) motivado nas circunstancias expostas a continuación:

“(…)

Dentro das sedes que integran a Rede Interadministrativa Provincial da Deputación de Lugo, atópase o Pazo de Tor, ubicado en San Xoan de Tor (Monforte de Lemos).

Na súa localización non existe outra posibilidade máis para dotalo de servizo de acceso a Internet que a tecnoloxía de radio frecuencia. Actualmente hai despregados dous accesos fixos radio 4G, e anteriormente houbo accesos LMDS e tecnoloxía satelital. Se ben cos accesos 4G o funcionamento é mellor que coas solución anteriores, as actuais demandas de caudal da sede (tramitación electrónica, sistemas de vídeo vixilancia remota, vídeo conferencias...) non poden ser cubertas cos accesos a Internet existentes.

Por outra banda, está prevista a apertura dun centro novo no recinto do Pazo de Tor, que previsiblemente fará as funcións de aulas formativas para unha estimación duns 30 usuarios. Coa tecnoloxía dispoñible actualmente nas instalacións do Pazo de Tor, as necesidades de dito centro no referente a demanda de caudal de acceso a Internet non poden ser asumidas, sen a posibilidade de

ofrecer unha calidade de servizo aceptable a tales efectos. Neste caso, non tería sentido a apertura dun novo centro se que as prestacións que vai aportar aos cidadáns sexan aceptables.

Ante o escenario existente, o Servizo de Novas Tecnoloxías valorou, xunto co provedor adxudicatario do contrato EXP009SE20ABO, as posibles solucións e a viabilidade das mesmas, determinando que a opción de maior calidade sería o despregue dun acceso MacroLan na sede, con tecnoloxía de fibra óptica e un caudal mínimo de 100Mbps simétricos. Este recurso privado mantería integrado o centro na Rede Interadministrativa Provincial, e dotaríalo dun acceso a Internet rápido, con baixa latencia e seguro, o cal satisfaría notablemente os requirimentos da sede no que respecta ao servizo de datos e acceso a Internet.

(...)"

Prezo da modificación.

Aos efectos de determinar o prezo que supón a modificación do actual contrato dos Servizos de comunicacións (telefonía fixa, móbil, datos e acceso a internet) da rede interadministrativa provincial da Deputación de Lugo, incorporouse polo servizo de Novas Tecnoloxías xunto coa solicitude de modificación, unha valoración realizada pola empresa Telefónica de España, S.A.U., onde se determina que o prezo da modificación é a seguinte:

CONCEPTO	ALTA	COSTE MENSUAL
Acceso Fibra Óptica MLAN Fusión 100 Mbps dedicado	35.784,10 €	398,62 €/mes

Tendo en conta que o límite máximo para a modificación prevista é do 20% do prezo inicial, incorpórase un cadro comparativo entre o prezo do contrato orixinal e o resultante do modificado, co seguinte detalle:

	ORIGINAL PREZO	MODIFICADO (efectos a partir do 01.07.2021)	TOTAL	% INCREMENTO
VIXENCIA DO CONTRATO 01.02.2021 a 31.01.2023	929.280 euros	52.463,03 euros	981.743,03 euros	Aprox. 5,65%

A modificación do contrato é inferior ao 20% do prezo de adxudicación do contrato, xa que supón un incremento do 5,65% aproximadamente respecto do prezo de adxudicación contrato,



pasando de 929.280 euros a 981.743,03.-€, sendo a data prevista de efecto da modificación o día 01/07/2021.

Sen perxuízo de que a resolución do órgano de contratación neste extremo será de cumprimento obrigatorio para o contratista, consta aceptación por parte da adxudicataria do contrato en relación ao obxecto da modificación (Acceso Fibra Óptica MLAN Fusión 100 Mbps dedicado) e á valoración económica de executar á mesma nos termos expostos no documento emitido Telefónica de España, S.A.U.e que forma parte do expediente.

En canto ás modificacións previstas o art. 204 da LCSP, solo poderá efectuarse cando se cumplan as circunstancias citadas no artigo 204 da LCSP.

Artículo 204 Modificaciones previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares:

1. Los contratos de las Administraciones Públicas podrán modificarse durante su vigencia hasta un máximo del veinte por ciento del precio inicial cuando en los pliegos de cláusulas administrativas particulares se hubiere advertido expresamente de esta posibilidad, en la forma y con el contenido siguientes:

a) La cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.

b) Asimismo, en lo que respecta a su contenido, la cláusula de modificación deberá precisar con el detalle suficiente: su alcance, límites y naturaleza; las condiciones en que podrá hacerse uso de la misma por referencia a circunstancias cuya concurrencia pueda verificarse de forma objetiva; y el procedimiento que haya de seguirse para realizar la modificación. La cláusula de modificación establecerá, asimismo, que la modificación no podrá suponer el establecimiento de nuevos precios unitarios no previstos en el contrato.

La formulación y contenido de la cláusula de modificación deberá ser tal que en todo caso permita a los candidatos y licitadores comprender su alcance exacto e interpretarla de la misma forma y que, por otra parte, permita al órgano de contratación comprobar efectivamente el cumplimiento por parte de los primeros de las condiciones de aptitud exigidas y valorar correctamente las ofertas presentadas por estos.

2. En ningún caso los órganos de contratación podrán prever en el pliego de cláusulas administrativas particulares modificaciones que puedan alterar la naturaleza global del contrato inicial. En todo caso, se entenderá que se altera esta si se sustituyen las obras, los suministros o los servicios que se van a adquirir por otros diferentes o se modifica el tipo de contrato. No se entenderá que se altera la naturaleza global del contrato cuando se sustituya alguna unidad de obra, suministro o servicio puntual.”

Neste caso, cúmprese o preceptuado no Art. 204da LCSP.

A modificación do contrato conleva o reajuste da garantía nos termos establecidos no Art. 109.3 da LCSP que a estes efectos establece a obriga do reajuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado; o reajuste en proporción ao novo prezo (5% do aumento de prezo) deberá efectuarse dentro do prazo de quince días, contados desde a data de notificación ao empresario do acordo de modificación.

En canto as especialidades procedimentais para este tipo de modificación veñen recollidas no artigo 207 da LCSP que se reproduce a continuación:

“1.(...)

3. Los órganos de contratación que hubieran modificado un contrato que esté sujeto a regulación armonizada, a excepción de los contratos de servicios y de concesión de servicios enumerados en el anexo IV, en los casos previstos en las letras a) y b) del apartado 2 del artículo 205 deberán publicar en el «Diario Oficial de la Unión Europea» el correspondiente anuncio de modificación conforme a lo establecido en esta Ley.

Asimismo los órganos de contratación que hubieren modificado un contrato durante su vigencia, con independencia de si este está o no sujeto a regulación armonizada y de la causa que justifique la modificación, deberán publicar en todo caso un anuncio de modificación en el perfil de contratante del órgano de contratación en el plazo de 5 días desde la aprobación de la misma, que deberá ir acompañado de las alegaciones del contratista y de todos los informes que, en su caso, se hubieran recabado con carácter previo a su aprobación, incluidos aquellos aportados por el adjudicatario o los emitidos por el propio órgano de contratación.”



Nesto suposto, trátase dun servizo dos recollidos no Anexo IV, tendo en conta o CPV: 64210000 - 8: Servizos de Telecomunicacións.

Aos efectos do establecido na base 36, apartado 1.3.7.4. das bases de execución do orzamento 2019,enténdese dende o servizo de contratación e fomento que se cumpren as esixencias do Artigo 204 da LCSP.

“Base 36, apartado 1.3.7.4 Modificación do contrato:

No caso de modificacións previstas segundo o artigo 204 da LCSP, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos,que non supera o límite previsto nos mesmos, e que non se inclúen novos prezos unitarios non previstos no contrato. No caso de modificacións non previstas, ou que non se axusten ao establecido no artigo 204, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 205 da LCSP e que non se superan as porcentaxes máximas previstas no devandito artigo.

Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral e, que no seu caso, ditame do Consello Consultivo de Galicia.”

Órgano competente.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Conclusión:

En atención as consideracións expostas e atendendo a xustificación da modificación efectuada, infórmase favorablemente a modificación contractual do contrato dos Servizos de

comunicacións (telefonía fixa, móbil, datos e acceso a internet) da rede interadministrativa provincial da Deputación de Lugo motivada nas circunstancias detalladas no informe emitido polo responsable do contrato con CSV: IV7EQWKCLV44R7ULWN6WAU26IY; xa que logo entende o que subscribe que procede que polo órgano de contratación se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o a modificación do contrato dos Servizos de comunicacións (telefonía fixa, móbil, datos e acceso a internet) da rede interadministrativa provincial da Deputación de Lugo, cun aumento do prezo de adjudicación en 43.357,88 euros máis 9.105,15 euros en concepto de IVE (21%) o que ascendería a un importe total de 52.463,03 euros, IVE incluído, para o período de 01.07.2021 ao 31.01.2023, mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Adjudicar este modificado a U.T.E. “Telefónica de España, S.A.U., Telefónica Móviles España, S.A.U.” que prestou a súa conformidade ao mesmo , tendo en conta que a modificación surtirá efectos dende o día 01 de xullo de 2021 ata o vencemento do contrato, sen perxuízo das posibles prórrogas que se poidan aprobar.

O desglose por anualidades da modificación sería o seguinte:

ACTUACION	APLICACIÓN	IMPORTE 2021	IMPORTE 2022	AD/22	IMPORTE 2023
Serv. comunicación e mantemento rede	9200.22200	2.893,98	5.787,96	920219/173	482,33
Serv. Infraestructura e Seguridade (hardware)	9200.626	43.298,76			
SUMA		46.192,74	5.787,96		482,33
		52.463,03			

A empresa adjudicataria deberá presentar resguardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (2.167,89 €), constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adjudicatario a resolución de modificación do contrato.

Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.



Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 do LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.”

En base ao que vai dito, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o a modificación do contrato dos Servizos de comunicacións (telefonía fixa, móbil, datos e acceso a internet) da rede interadministrativa provincial da Deputación de Lugo, cun aumento do prezo de adjudicación en 42.959,26 euros máis 9.021,44euros en concepto de IVE (21%) o que ascendería a un importe total de 51.980,70 euros, IVE incluído, para o período de 01.07.2021 ao 31.01.2023, mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

2º.- Adjudicar este modificado a U.T.E. “Telefónica de España, S.A.U., Telefónica Móviles España, S.A.U.”que prestou a súa conformidade ao mesmo ,tendo en conta que a modificación surtirá efectos dende o día 01 de xullo de 2021 ata o vencemento do contrato, sen perxuízo das posibles prórrogas que se poidan aprobar.

O desglose por anualidades da modificación sería o seguinte:

ACTUACION	APLICACIÓN	IMPORTE 2021	IMPORTE 2022	AD/22	IMPORTE 2023
Serv. comunicación e mantemento rede	9200.22200	2.893,98	5.787,96	920219/173	482,33
Serv. Infraestructura e Seguridade (hardware)	9200.626	43.298,76			
SUMA		46.192,74	5.787,96		482,33
		52.463,03			

3º.-A empresa adjudicataria deberá presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (2.167,89 €), constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adjudicatario a resolución de modificación do contrato.

4º.- Publicar o anuncio de modificación do contrato no perfil do contratante no prazo de 5 días dende a aprobación da mesma segundo o disposto no artigo 207.3 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 do LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓNS DOS VEHÍCULOS E MÁQUINAS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 08 de xuño de 2021, na que se recolle o seguinte:

“Antecedentes:

Solicitud de consignación orzamentaria, con CSV: IV7H6YK6HJMLYXOL2MQNMHSOJ4.

Proposta de inicio de contratación e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7H6DY7PVZKTSMODT7RABBSMU.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7H7SAKOD7ZJ7VSSIAEIVPFBY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7H6DRSABGKYSWN4AO4IHXVOU.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7H7XXMNIO5536O6RFVCRTACU.

Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7H7XXYJUVPLH4LWM457YTXCI.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7H7UDSBRZPZD5MAVW5MVBEAE.

Acordo da Xunta de Goberno de data 18 de marzo de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o



procedemento de adjudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7HYCHCF5H3ZCV4UVGQ5ZBSGM.

Anuncio de licitación, publicado na plataforma de contratación do sector público o día 20 de marzo de 2021.

Acta da Mesa de Contratación do día 22 de abril de 2021, con CSV: IV7HGKHJNB6KVTUK4NWWKB2TCE, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que, segundo os datos que constan na Plataforma de Contratación do Sector Público, para o Lote II (Mantemento e reparación de camiões, vehículos especiais, maquinaria e vehículos e maquinaria agrícola) e Lote III (Taller Mecanizados) desta licitación non presentou oferta ningún licitador. Para o Lote I (Mantemento e reparación de vehículos turismos), o único licitador concorrente é Fergilauto S.L.U. A continuación procédese á apertura pública do Sobre “A” do único licitador concorrente; tendo en conta que éste presenta o Anexo I debidamente cumprimentado e asinado, procédese á apertura pública da proposta presentada, resultando que a empresa Fergilauto S.L.U. se compromete a executar o obxecto do contrato ofertando un 15% de desconto sobre as tarifas de aplicación, a saber:

Tarifas da guía oficial de tasacións Audatex para pezas.

Tarifas achegadas polo licitador para pneumáticos.

Tarifas recollidas no PPT para montaxe, equilibrado, alineado e reparación de pinchazo de pneumáticos.

Tarifas recollidas no PPT para man de obra.

Visto que as tarifas se axustan aos requisitos esixidos nos PCAP, o único licitador concorrente obtén 95 puntos neste criterio de adjudicación.

A proposta presentada non contén certificacións ambientais, polo que obtén 0 puntos neste criterio de adjudicación.

Polo antedito, a mesa de contratación acorda, elevar ao Ilmo. Sr. Presidente a seguinte Proposta de Resolución:

Declarar desertos o Lote II (Mantemento e reparación de camiións, vehículos especiais, maquinaria e vehículos e maquinaria agrícola) e o Lote III (Taller Mecanizados) desta licitación, por non presentar oferta ningún licitador.

Outorgar as seguintes puntuacións:

LICITADORES	NOTA DESCONTO SOBRE O PREZO	NOTA ACREDITACIÓN DE CERTIFICACIÓN AMBIENTAL	NOTA TOTAL
FERGILAUTO SLU	95	0	95

Clasificar as ofertas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	NOTA
1	FERGILAUTO SLU	95

Requirir á empresa Fergilauto S.L.U. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva por importe de 3.123,97 euros, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”

Resolución da Presidencia, do día 04 de maio de 2021, pola que se acepta a proposta da Mesa de Contratación.



Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado a través da plataforma de contratos do sector público o día 05 de maio de 2021.

Acta da Mesa de Contratación do día 21 de maio de 2021, con CSV IV7EQ2DCH4FILS5N3QO5AEKDAU, que acordou o seguinte:

“En primeiro lugar procedeuse ao exame da documentación do artigo 150 da LCSP entendendo que está presentada correctamente segundo o recollido no art. 150.2 LCSP, e na cláusula décimo sétima do PCAP coa salvidade de que non acredita a representación do asinante da oferta, verificado de suficiencia. A mesa de contratación califica o erro detectado como subsanable, acordando requirir a corrección do erro detectado no prazo de tres días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento feito a tal fin, aplicando o disposto no artigo 141 da LCSP.

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que póna fin ao procedemento.”

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 01 de xuño de 2021.

Reunida a Mesa de Contratación aos efectos de examinar a subsanación da documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, no prazo concedido a tales efectos, a documentación requirida pola Mesa en sesión de 21 de maio de 2021.

A mesa de contratación dá por subsanado o erro detectado na documentación administrativa presentada, e consecuentemente propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Declarar deserto o Lote II (Mantemento e reparación de camións, vehículos especiais, maquinaria e vehículos e maquinaria agrícola) e o Lote III (Taller de mecanizados), por non presentarse ningunha oferta para estes lotes.

Adxudicar a Fergil Auto S.L.U. o Lote 1 do contrato de servizos de mantemento e reparacións dos vehículos e máquinas da Deputación de Lugo (Mantemento e reparación de vehículos turismos), por importe de 14.876,03 euros aos que se engadirán 3.123,97 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 18.000,00 euros. O adxudicatario oferta un 15% de desconto sobre as tarifas da guía oficial de taxacións Audatex para pezas, por un período dun ano, prorrogable anualmente, sen que a duración total – incluídas as prórrogas- poida exceder de tres anos.”

Polo que vai dito, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar deserto o Lote II (Mantemento e reparación de camións, vehículos especiais, maquinaria e vehículos e maquinaria agrícola) e o Lote III (Taller de mecanizados), por non presentarse ningunha oferta para estos lotes.

2º.- Adxudicar a Fergil Auto S.L.U. o Lote 1 do contrato de servizos de mantemento e reparacións dos vehículos e máquinas da Deputación de Lugo (Mantemento e reparación de vehículos turismos), por importe de 14.876,03 euros aos que se engadirán 3.123,97 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 18.000,00 euros. O adxudicatario oferta un 15% de desconto sobre as tarifas da guía oficial de taxacións Audatex para pezas, e sobre os prezos máximos da man de obra recollidos no PPT (apartados a e b), por un período dun ano, prorrogable anualmente, sen que a duración total – incluídas as prórrogas- poida exceder de tres anos.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MECANIZADOS PARA VEHÍCULOS E MÁQUINAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de dos servizos de mecanizados da Excma. Deputación de Lugo, consta no mesmo:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EVST32FF3LKG4RUHB55CDEU

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7EQHBMMH5STGZCQVVAKQSO6Q.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7EVSTZL3WZTDHY44FHCELBAY.

Prego de cláusulas administrativas particulares.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7ES6XLFZP65VHZCY54O5HHKE.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7ES7APPL4PSW7M4MNEEUTDMU.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación dos servizos de mecanizados da Excma. Deputación de Lugo.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterio de puntuación, que se recolle para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa

motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, considerando a sinxeleza das operacións a realizar.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, con un único criterio de adxudicación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 18.000,00 euros (IVE engadido correspondendo a partida do IVE a 3.123,97€), con cargo ó orzamento das anualidades 2021 e 2022, atendendo a seguinte desagregación:

CENTRO	APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	TOTAL (IVE ENGADIDO)	RC
GRANXA PROVINCIAL IVE DEDUCIBLE	4120.213	2021	1.652,89	2.000,00	22021/15196
GRANXA PROVINCIAL IVE DEDUCIBLE	4120.213	2022	1.652,89	2.000,00	220219/242
PARQUE MÓBIL	9201.213	2021	7.000,00	7.000,00	22021/15198
PARQUE MÓBIL	9201.213	2022	7.000,00	7.000,00	220219/241
		SUMA	17.305,78	18.000,00	

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 9.000,00€ para a anualidade 2021. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN POR LOTES DE TRATAMENTOS/TÉCNICAS TERMAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ENVELLECIMENTO ACTIVO LUGOTERMAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 08 de xuño de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Programa de envellecemento activo LugoTermal aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión realizada o 18.03.2021.

Proposta de inicio de expediente de contratación con CSV: IV7HYCIOIH7NXSZK3TXVHZDQEY.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7HYPSKJ7W3R6UMTTVS6FRSIQ.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7HYHY5ZJVMTT62CI5M6JJBOU.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7H7QKYAA7SLOWMSI6MERRSKQ.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7H2MJIBIHKT3EY654V4ZBEKY.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7H2MIN3FJKVTHS6XXN6F2OOU.

Informe de fiscalización previa, con CSV: IV7H3TYJHAUC7JO4ABOSCNPBC4.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7H3QALL44KRDHNZT5AAFQB5Y.

Acordo da Xunta de Goberno celebrada o día nove de abril de dous mil vinte e un, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7HE2I2PA47LHELQA7HOT2Q6U.

Acta da Mesa de contratación do día 22 de ABRIL de 2021, con CSV: IV7HGQHTEA5IJH7S6N7TCNA6FY , na que se recolle o seguinte:

Apertura e cualificación administrativa correspondente á documentación administrativa (sobre A).

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores convidados a este procedemento e que presentaron oferta foron os seguintes:

LOTES
LOTE 1 BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO
LOTE 2 BALNEARIO DE RIO PAMBRE
LOTE 3 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa presentada polas licitadoras, consta correcta tanto en forma coma en prazo, coa única salvidade de que ao Hotel Balneario Augas Santas requiriráselle que confirme que o correo electrónico que consta na Plataforma de Contratos é o autorizado aos efectos de comunicacións e autorizacións, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir as propostas ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre B (sobre electrónico), relativo aos criterios de adxudicación avaliáveis de forma automática-Fase 1, resultando o que se indica a continuación.

Sobre B-Fase 1: Criterios de adxudicación avaliáveis mediante fórmulas matemáticas ou avaliáveis de forma automática.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo III (modelo de proposición económica con criterios avaliáveis automaticamente mediante fórmulas matemáticas),cos seguintes resultados:

Lote 1: Balneario y Termas de Lugo

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	OFERTADO	PUNTUACIÓN
1.-Rebaixa do prezo.(MÁX. 30 PUNTOS). P.B.L.:6.050 euros	6.050 euros	30 PUNTOS
2.1 CRITERIO Nº 1: (máx. 15 puntos). Número de técnicas sobre as mínimas esixidas por participación no programa e persoa usuaria na modalidade de Termalismo con estancia .	NON OFERTA	CRITERIOS PUNTUACIÓN: de 16 a 20 5 puntos de 21 a 25 10 puntos > de 25 15 puntos VALORACIÓN FINAL DO CRITERIO S/OFERTADO= 0 PUNTOS
2.2 CRITERIO Nº 2: (máx. 15 puntos). Número de técnicas sobre as mínimas esixidas por participación no programa e persoa usuaria na modalidade de Termalismo sen estancia .	NON OFERTA	CRITERIOS PUNTUACIÓN: de 31 a 35 5 puntos de 36 a 40 10 puntos > de 40 15 puntos VALORACIÓN FINAL DO CRITERIO S/OFERTADO= 0 PUNTOS
2.3 CRITERIO Nº 3:(máx. 15 puntos). Incremento de número de prazas sobre as mínimas esixidas na modalidade de termalismo sen estancia .	NON OFERTA	CRITERIOS PUNTUACIÓN: de 0 a 19 2 puntos de 20 a 39 4 puntos de 40 a 59 6 puntos de 60 a 79 8 puntos de 80 a 99 10 puntos > de 100 15 puntos VALORACIÓN FINAL DO CRITERIO S/OFERTADO= 0 PUNTOS
2.4 CRITERIO Nº 4: (máx. 5 puntos). Facilitar toallas e albornoz de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia.	Facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia. <input checked="" type="checkbox"/> SI se compromete <input type="checkbox"/> NON se compromete Facilitar albornoz de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia. <input checked="" type="checkbox"/> SI se compromete <input type="checkbox"/> NON se compromete	CRITERIOS PUNTUACIÓN: Si se compromete a facilitar toallas de balde 2,5 puntos Si se compromete a facilitar albornoz de balde 2,5 puntos VALORACIÓN FINAL DO CRITERIO S/OFERTADO= 5 PUNTOS

Total puntuación Lote I: 35 puntos



Lote 2: Balneario de Río Pambre

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	OFERTADO	PUNTUACIÓN
1.-Rebaixa do prezo.(MÁX. 30 PUNTOS). P.B.L.: 12.100,00 euros	12.100 euros	30 puntos
2.1 CRITERIO Nº 1: (máx. 15 puntos). Número de técnicas sobre as mínimas esixidas por participación no programa e persoa usuaria na modalidade de Termalismo con estancia .	NON OFERTA	CRITERIOS PUNTUACIÓN: de 16 a 20 5 puntos de 21 a 25 10 puntos > de 25 15 puntos VALORACIÓN FINAL DO CRITERIO S/OFERTADO= 0 PUNTOS
3º.- Aprobar o gasto, por importe de 130.705,23 €, dos cales 22.684,38 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: POBRA DO BROLLÓN – FOLGOSO DO COUREL.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-4701 “Pobra do Brollón – Parada dos Montes – Folgoso do Courel”, P.K. 1+000 a 19+757.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: POBRA DO BROLLÓN – FOLGOSO DO COUREL.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-4701 “Pobra do Brollón – Parada dos Montes – Folgoso do Courel”, P.K. 1+000 a 19+757, consta no mesmo:

Proxecto da obra POBRA DO BROLLÓN – FOLGOSO DO COUREL.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-4701 “Pobra do



Brollón – Parada dos Montes – Folgoso do Courel”, P.K. 1+000 a 19+757, con CSV: IV7EQDLKYE5MKWW5A34BF4QWAE.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EQKJS2B6M5CE6CBM5J77AI4

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7EQKILJ4EOJXRCCBIRFYQDCE.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7EQDLLHEV7J6V7XUUF04RDD4.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7ERSC3PFG24X73VVGE7YLC4Y.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7ESTQLHZJDLK5Y6E6RD4H64E.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7ESTQOJMHNL6XZ4Q5T6QQR6E.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: POBRA DO BROLLÓN – FOLGOSO DO COUREL.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-4701 “Pobra do Brollón – Parada dos Montes – Folgoso do Courel”, P.K. 1+000 a 19+757, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e disponer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos

156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 100.830,15 €, dos cales 17.499,45 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2020.

Escrito do Concello de Navia de Suarna solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 164 - 165 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. (PUC/20).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Navia de Suarna, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (164 - 165) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo



programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Navia de Suarna presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
NAVIA DE SUARNA	164	ADQUISICION DE EQUIPAMENTO E MOBILIARIO URBAN: FONTE, BANCOS E PAPELEIRAS	1711.76201	1.361,69€
NAVIA DE SUARNA	165	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA O SERVIZO DE OBRAS E SERVIZOS:COMPRESOR, XERADOR,MOTOSERRA, INVERTER, ATORNILLADOR, DESBROZADORA, SOPLADOR E ASPIRADORA	1711.76201	478,26€

Por escrito con de data 07/06/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
NAVIA DE SUARNA	REM	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO URBANO BANCOS DE MADEIRA E FUNDICIÓN	1711.76201	0,00€	1.807,74€	1.807,74

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Navia de Suarna, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Navia de Suarna e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
NAVIA DE SUARNA	REM	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO URBANO BANCOS DE MADEIRA E FUNDICIÓN	1711.76201	0,00€	1.807,74€	1.807,74

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2020.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Samos, solicitando modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Samos no que solicita a modificación de proxectos de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2020. Non obstante este prazo poderá ser prorrogado por unha única vez, mediante acordo da Xunta de Goberno, a solicitude do Concello, na que especificará e xustificará os motivos e indicará o prazo solicitado, que non poderá superar o 30 de xuño de 2021.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 04/12/2020, concedeuse prórroga para a adxudicación dos investimentos ao Concello de Samos ata o 30-06-2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/07/2020, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
SAMOS	272	MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO VIAL INTERIOR DO NÚCLEO DE REIRIZ, INCLUÍDO HONORARIOS	---	44.855,98€	44.855,98€

A Alcaldía do Concello de Samos a través de escrito de data 03/06/2021 solicita:

A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2020, concretamente o investimento nº 272, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “..a Confederación Hidrográfica Miño-Sil procedeu a denegar a execución dunha cuneta ou vertedeiro de formigón no tramo 5-6 sobre o cauce dun arroyo innominado..., polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada.

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
SAMOS	272	MODIFICADO MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO VIAL INTERIOR DO NÚCLEO DE REIRIZ, INCLUÍDO HONORARIOS	---	38.920,55€	38.920,55€

A base 16, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluiu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os



prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases (base 17) do Plan Único 2020, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de Samos que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2020.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Samos, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan

Único de Cooperación cos concellos 2020 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
SAMOS	272	MODIFICADO MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO VIAL INTERIOR DO NÚCLEO DE REIRIZ, INCLUÍDO HONORARIOS	---	38.920,55€	38.920,55€

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras, ou prórrogas concedidas ao efecto.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CRITERIO INTERPRETATIVO RELATIVO AOS CONVENIOS INTERADMINISTRATIVOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento no que literalmente se informa o seguinte:

Asunto: Criterio interpretativo dos convenios interadministrativos aos que non é de aplicación normativa en materia de subvencións.

Os convenios que implican a existencia de achegas financeiras polas partes poden considerarse habituais xa que normalmente as relacións derivadas do convenio implican a necesidade de realizar gastos que deben financiarse por todas as partes ou por algunha delas, o que conleva unha xestión dos gastos públicos.

As achegas de fondos poden ter natureza de subvención, (segundo o establecido no art. 48.7 la Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP, no



sucesivo), ou non, e á neste derradeiro suposto onde xorde o criterio interpretativo en relación á aplicación dos fondos anticipados (que metodoloxía e porcentaxe a aplicar).

Ao respecto é de destacar que o compromiso financeiro que se adquire en virtude dun convenio interadministrativo obriga ás partes a facer fronte aos gastos que se realicen para consecución do fin perseguido na proporción convida.

Nos supostos de convenios interadministrativos en que sexa a outra parte (e non a Deputación Provincial de Lugo) o que actúe como suxeito xestor (no sentido de facer fronte directamente ao pago dos gastos derivados do convenio) non cabe dúbida de que o destino que debe dar aos fondos anticipados é o previsto no convenio, e a Deputación, aínda que non sexa entidade xestora, terá a facultade de asegurarse de que os fondos achegados se aplican ao seu fin e, no caso de que a o suxeito xestor non cumpra co seu compromiso, esixir o reintegro (art. 52.2 LRJSP).

A tal efecto, e ao obxecto de regular os anticipos dos convenios interadministrativos -que non son subvencións-, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o criterio interpretativo de que para a concesión de anticipos nos convenios interadministrativos (que non son subvencións) se aplicará supletoriamente a normativa en materia de subvencións.

O que se informa, en prexuízo de calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

1º.- Aprobar o criterio interpretativo de que para a concesión de anticipos nos convenios interadministrativos (que non son subvencións) se aplicará supletoriamente a normativa en materia de subvencións.

2º.- O importe a anticipar non poderá exceder do 80 % do importe comprometido pola Deputación. A porcentaxe será determinada en cada convenio interadministrativo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Muras, co obxecto de colaborar na realización da actividade consistente na “Renovación do patio do CEIP Antía Cal Vázquez” (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 30 de decembro de 2020).

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 30 de decembro de 2020, a aprobación do convenio que se reflicte no encabezamento, o cal foi asinado entre as partes o mesmo día.

O 18 de maio de 2021, ao abeiro do disposto na cláusula sétima do amentado convenio, o representante legal do Concello de Muras presentou no rexistro telemático desta entidade solicitude mediante a cal propón a modificación das cláusulas terceira e quinta daquel, no que aos prazos de execución e xustificación se refire, motivando a dita solicitude por referencia a diversas incidencias técnicas e administrativas que derivaron en que non fora posible realizar aínda a adxudicación do contrato necesario para a execución do proxecto obxecto do convenio.

Examinada a solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, tendo en conta as disposicións legal, regulamentaria e convencionalmente establecidas, emitiuse informe favorable ás citadas modificacións, o 19 de maio do 2021.



Así mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade de modificación do mesmo, emitíuse informe xurídico favorable á súa modificación, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, o 27 de maio de 2021.

Finalmente, á vista das actuacións precedentes, a Unidade de Intervención informou favorablemente, o 1 de xuño de 2021, a modificación do convenio de referencia nos termos citados anteriormente.

Polo exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificación das cláusulas terceira (Obrigas, compromisos e facultades das partes) e quinta (Xustificación da achega económica) do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Muras, co obxecto de colaborar na realización da actividade consistente na “Renovación do patio do CEIP Antía Cal Vázquez”, asinado polas partes o 30 de decembro de 2020, nos termos da addenda que figura no expediente, manténdose inalteradas o resto das cláusulas daquel.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO DE 21 DE MAIO DE 2021, COMO CONSECUENCIA DE ERRO NA PROPOSTA SOBRE VALIDACIÓN DE FACTURA DO PARQUE MÓBIL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Advertido erro material no Informe-proposta de validación do gasto, do Servizo do Parque Móbil, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas do vixente exercicio sen contrato, da

factura de Hierros Ferreiro, aprobado en Xunta de Goberno de data 21 de maio de 2021, propónse a rectificación do citado erro no seguinte sentido:

Onde di:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

“... ”

HIERROS FERREIRO, S.L.	2120000043	15/01/2021	114.57 €	Pezas para o Taller do Parque Móbil. 2021/FAC01/316	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.213 92021/1522
------------------------	------------	------------	----------	---	-------	--------------	------------------------

“... ”

Debe dicir:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

“... ”

HIERROS FERREIRO, S.L.	2120000043	15/01/2021	114.47 €	Pezas para o Taller do Parque Móbil. 2021/FAC01/316	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.213 92021/1522
------------------------	------------	------------	----------	---	-------	--------------	------------------------

“... ”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2021, DO GASTO E DOS MODELOS DE SOLICITUDE E DE CONTA XUSTIFICATIVA.



Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente e o informe do servizo de Deportes.

Visto o informe do Servizo de Contratación e de Secretaría Xeral.

Visto o informe da Intervención.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria que rexerán no procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos, ano 2021.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de cincocentos mil euros (500.000,00 €).

3º.- Aprobar así mesmo os modelos de solicitude e de conta xustificativa.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AUTORIZACIÓN DE USO E ASIGNACIÓN INDIVIDUALIZADA DOS HORTOS URBANOS DO PARQUE DO RÍO RATO (2ª FASE) PARA NOVOS USUARIOS.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Antecedentes

Con data de 9 de xullo de 2020 publicouse no BOP de Lugo nº 156 o Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo co obxectivo de aportar unha normativa sobre o uso e as autorizacións das hortas xestionadas polo Servizo de Medio Ambiente da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Con data 26 de marzo de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou o procedemento para a autorización de uso dos hortos urbanos do río Rato, polo que se realiza a convocatoria pública de participación para a solicitude de autorización de uso dos hortos urbanos do Parque do río Rato mediante concorrencia pública, a vista da existencia de parcelas libres.

Por Resolución de Presidencia de data 15 de abril de 2021, nomeáronse aos funcionarios do Servizo de Medio Ambiente que constitúen a Mesa de seguimento, como órgano competente para a cualificación e comprobación da documentación achegada polos interesados e para elevar posteriormente a correspondente proposta de outorgamento.

A Mesa de seguimento reuniuse o pasado 4 de maio de 2021 e, unha vez revisadas as solicitudes presentadas, levantou a correspondente acta, na que acordou:

“1º- Propoñer a exclusión do procedemento por incumprimento do punto 9 do Procedemento de Autorización (BOP 30/03/2021) “... En todo caso, só se outorgará un horto por unidade familiar” aos seguintes solicitantes:

Sabrina Paola Rico Arrue

Eva María Lopez Riveiro

Samuel Cajaraville Limeres

2º- Requerir, dacordo co establecido no punto 8 do Procedemento de Autorización, para que nun prazo de 10 días dende a recepción da notificación, completen ou emenden a documentación presentada os seguintes solicitantes:



INTERESADO	MOTIVO DO REQUIRIMENTO
DRISS EL MORCHID	Non acreditar o cumprimento punto 3 (estar exento de obrigas coas Administracións Públicas)
ANDREA VÁZQUEZ LAGARÓN	Non acredita o cumprimento do punto 3 (ser veciño de Lugo ou outro concello lindeiro)”

Unha vez efectuados os requirimentos, a Mesa de seguimento reuniuse de novo con data 31 de maio de 2021 e levantou a correspondente acta, acordando:

“1º- Determinar que non é preciso a valoración de solicitudes establecida no punto 9 do Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Río Rato, 2ª Fase, posto que o número de solicitudes admitidas (54), non supera ao número de hortos dispoñibles (95).

2º- Aprobar e publicar a Listaxe Provisional de admitidos que se relaciona a continuación:

Nº HORTO	NOME	APELIDOS
1	Clara	Alvarez U de Pardo
2	Javier	Balboa Rebolo
3	Santiago	Barceló Martínez
4	Ramón	Castro Fernández
5	Aihai	Chen
6	María Carmen	Díaz Fernández
7	María José	Dorrego Rico
8	Karim	El Morchid
9	Carlos	Fernández Domínguez
10	Javier	Fernández Fernández
11	Araceli	Fernández Méndez
12	José	Fernández Varela
13	Manuel	Fonteboa Marey
14	José	Fouz Otero
15	Rabia	Ftuh Essshaibi
16	Vanesa	Gago García
17	Marta	García Sestelo
18	Alba	Gardes Castellanos
19	María Flora	Gasalla Regueiro
20	Gabriel Matias	Gómez Fernández
21	Mónica	González Martínez
22	Mª Jesús	González Rodríguez
23	Elena	Guillen García
24	Miguel	Iriarte López
25	María Luisa	Juiz Gómez
26	Driss	Kharroubi
27	Alfonso	López Carriches
28	Alba	López Paz
29	María del Rosario	Marín Arnes
30	Abdelouhab	Matahi Erradouani
31	Humberto	Melon Traviesa
32	Beatriz	Moreno Torres
33	Olga	Murado Teijeiro
34	Luis	Orestes Busta Marti
35	Lidia	Osorio Castelao
36	Rocio	Otero Lorigados
37	Flor María	Pérez Rodríguez
38	Iago	Piñeiro Somoza
39	Luis	Quintana Bernardo
40	José Manuel	Quiroga López

Nº HORTO	NOME	APELIDOS
41	Enrique	Regueira Pardeiro
42	María Adela	Remior Fernández
43	José Miguel	Rico Noceda
44	Alberto	Rico Teijeiro
45	Susana	Romay Corredoira
46	Blanca	Ruíz de Gauna Pardo
47	Isabel	Sampedro Villabride
48	Beatriz	Sánchez Legido
49	Mª Jesús	Suarez Sueiro
50	Agata Micaela	Tubio Lagos
51	Carlos	Varela Vázquez
52	Yolanda	Vázquez Díaz
53	Ángel	Vázquez Fernández
54	Manuel Antonio	Vázquez Torrón

3º- Propoñer a exclusión do procedemento de:

INTERESADO	MOTIVO
DRISS EL MORCHID	Non responder ao requirimento de documentación efectuado. Entendese que desiste da solicitude (Punto 8 do Procedemento de Autorización.)
ANDREA VÁZQUEZ LAGARÓN	Non responder ao requirimento de documentación efectuado. Entendese que desiste da solicitude (Punto 8 do Procedemento de Autorización.)

4º- Aprobar e publicar a seguinte Listaxe de Excluídos:

	Nome	Apelidos
1	Samuel	Cajaraville Limeres
2	Driss	El Morchid
3	Eva María	López Riveiro
4	Sabrina Paola	Rico Arrue
5	Andrea	Vázquez Lagarón

5º- Poñer a disposición dos interesados as listaxes, no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo, na web da Deputación de Lugo e no Servizo de Medio Ambiente durante 5 días hábiles, durante os cales poderán presentar as alegacións que se consideren, tal e como indica o punto 10 do Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Río Rato.”

O día 3 de xuño de 2021, logo do período de exposición pública, sen que se recibisen alegacións ás listaxes publicadas; réunese a Mesa de seguimento para realizar, en acto público, a asignación ao chou de un horto a cada solicitante aceptado no procedemento, levantándose a correspondente acta, na que se acorda:

“1º- Contando coa asistencia ao acto público de sorteo de D. Miguel Iriarte López, na súa condición de interesado, procedeuse ao sorteo de 54 parcelas, de entre as recollidas no cadro do



punto 1. Obxecto do Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Río Rato, 2ª Fase, publicado no BOP nº 072, de 30 de marzo de 2021, que se atopaban libres.

2º- En base ao establecido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 156, de 9 de xullo de 2020 e ao Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Río Rato, 2ª Fase, publicado no BOP nº 072, de 30 de marzo de 2021 realizase o sorteo público, ao chou, das parcelas, co resultado que a continuación se traslada:

NOME	APELIDOS	Nº HORTO
Clara	Alvarez U de Pardo	105
Javier	Balboa Rebolo	27
Santiago	Barceló Martínez	16
Ramón	Castro Fernández	91
Aihai	Chen	104
María Carmen	Díaz Fernández	69
María José	Dorrego Rico	109
Karim	El Morchid	90
Carlos	Fernández Domínguez	99
Javier	Fernández Fernández	80
Araceli	Fernández Méndez	79
José	Fernández Varela	3
Manuel	Fonteboa Marey	106
José	Fouz Otero	95
Rabia	Ftough Essshaibi	84
Vanesa	Gago García	96
Marta	García Sestelo	98
Alba	Gardes Castellanos	81
María Flora	Gasalla Regueiro	67
Gabriel Matias	Gómez Fernández	74
Mónica	González Martínez	93
Mª Jesús	González Rodríguez	70
Elena	Guillen García	100
Miguel	Iriarte López	32
María Luisa	Juiz Gómez	88
Driss	Kharroubi	76
Alfonso	López Carriches	72
Alba	López Paz	82
María del Rosario	Marín Arnes	86
Abdelouhab	Matahi Erradouani	71
Humberto	Melon Traviesa	103
Beatriz	Moreno Torres	66
Olga	Murado Teijeiro	107
Luis	Orestes Busta Marti	36
Lidia	Osorio Castelao	45
Rocio	Otero Lorigados	108
Flor María	Pérez Rodríguez	1
Iago	Piñeiro Somoza	92
Luis	Quintana Bernardo	73
José Manuel	Quiroga López	75
Enrique	Regueira Pardeiro	101
María Adela	Remiñor Fernández	56
José Miguel	Rico Noceda	97
Alberto	Rico Teijeiro	83
Susana	Romay Corredoira	87
Blanca	Ruíz de Gauna Pardo	78

Nº HORTO	NOME	APELIDOS
Isabel	Sampedro Villabride	65
Beatriz	Sánchez Legido	94
Mª Jesús	Suarez Sueiro	77
Agata Micaela	Tubio Lagos	68
Carlos	Varela Vázquez	89
Yolanda	Vázquez Díaz	102
Ángel	Vázquez Fernández	64
Manuel Antonio	Vázquez Torrón	85

3º- Acórdase a publicación, nos mesmos medios que a Listaxe provisional, da anterior listaxe, como Listaxe definitiva de asignación e hortos, e a realización da correspondente proposta de outorgamento ante a Xunta de Goberno da Excma. Deputación de Lugo, indicando individualmente o horto asignado a cada interesado, segundo se establece no punto 12. Proposta de outorgamento, do Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Río Rato, 2ª Fase.”

Segundo establece o Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo no seu apartado XI. Órganos competentes “Punto 32. En materia relativa á adxudicación dos hortos ou demais acordos que se poidan acadar, o órgano competente será sempre a Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo”.

A vista do anteriormente exposto proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Excluir do Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Río Rato, 2ª Fase, publicado no BOP nº 072, de 30 de marzo de 2021 aos solicitantes que se relacionan a continuación, por incumprimento dalgún dos requisitos establecidos no citado procedemento:

	Nome	Apelidos
1	Samuel	Cajaraville Limeres
2	Driss	El Morchid
3	Eva María	López Riveiro
4	Sabrina Paola	Rico Arrue
5	Andrea	Vázquez Lagarón

2º.- Aprobar o outorgamento de autorización de uso de cada parcela numerada aos solicitantes resultantes deste Procedemento que se relacionan a continuación, segundo se establece



no punto 12 do Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Río Rato, 2ª Fase.

NOME	APELIDOS	Nº HORTO
Clara	Alvarez U de Pardo	105
Javier	Balboa Rebolo	27
Santiago	Barceló Martínez	16
Ramón	Castro Fernández	91
Aihai	Chen	104
María Carmen	Díaz Fernández	69
María José	Dorrego Rico	109
Karim	El Morchid	90
Carlos	Fernández Domínguez	99
Javier	Fernández Fernández	80
Araceli	Fernández Méndez	79
José	Fernández Varela	3
Manuel	Fonteboa Marey	106
José	Fouz Otero	95
Rabia	Ftough Essshaibi	84
Vanessa	Gago García	96
Marta	García Sestelo	98
Alba	Gardes Castellanos	81
María Flora	Gasalla Regueiro	67
Gabriel Matias	Gómez Fernández	74
Mónica	González Martínez	93
Mª Jesús	González Rodríguez	70
Elena	Guillen García	100
Miguel	Iriarte López	32
María Luisa	Juiz Gómez	88
Driss	Kharroubi	76
Alfonso	López Carriches	72
Alba	López Paz	82
María del Rosario	Marín Arnes	86
Abdelouhab	Matahi Erradouani	71
Humberto	Melon Traviesa	103
Beatriz	Moreno Torres	66
Olga	Murado Teijeiro	107
Luis	Orestes Busta Marti	36
Lidia	Osorio Castelao	45
Rocio	Otero Lorigados	108
Flor María	Pérez Rodríguez	1
Iago	Piñeiro Somoza	92
Luis	Quintana Bernardo	73
José Manuel	Quiroga López	75
Enrique	Regueira Pardeiro	101
María Adela	Remior Fernández	56
José Miguel	Rico Noceda	97
Alberto	Rico Teijeiro	83
Susana	Romay Corredoira	87
Blanca	Ruiz de Gauna Pardo	78
Isabel	Sampedro Villabride	65
Beatriz	Sánchez Legido	94
Mª Jesús	Suarez Sueiro	77
Agata Micaela	Tubio Lagos	68
Carlos	Varela Vázquez	89
Yolanda	Vázquez Díaz	102
Ángel	Vázquez Fernández	64
Manuel Antonio	Vázquez Torrón	85

3º.- Notificar aos candidatos indicados no punto anterior, o outorgamento de autorización de uso dos hortos e a sinatura do documento administrativo de autorización de uso do dominio público, segundo se dispón no punto 12 do Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Río Rato, 2ª Fase.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAI DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais que se reflicten na listaxe anexa, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 28 de novembro de 2019, ao abeiro da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, ano 2019, convocado mediante extracto da convocatoria publicado no BOP nº 78, de data 4 de abril de 2019.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que:

1.- Na Xunta de Goberno do día 29 de marzo de 2019, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrencia para a concesión.



2.- Con data 4 de abril de 2019, a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 78 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 11 de decembro de 2019, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 19 de decembro de 2019, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 290, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 11 de decembro de 2019.

5.- A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “ Prazos de xustificación”, prevé: “ Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2020.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de

novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Con data 14 de marzo de 2020, mediante o Real Decreto 463/2020, o Goberno do Estado, declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, no que se sinala:

“1. Se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público. El cómputo de los plazos se reanudará en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo.

2. La suspensión de términos y la interrupción de plazos se aplicará a todo el sector público definido en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Común de las Administraciones Públicas”.

Con data 30 de maio de 2020, o BOE fai pública a seguinte disposición: “Instrucción de 28 de mayo de 2020 de la Dirección General de Seguridad Jurídica y Fe Pública sobre levantamiento de la suspensión de plazos administrativos” onde se sinala:

“Décimo.- Con efectos desde el 1 de junio de 2020, se deroga la disposición adicional tercera del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, relativa a la suspensión de plazos administrativos. Desde esa misma fecha, el cómputo de los plazos que hubieran sido suspendidos se reanudará, o se reiniciará, si así se hubiera previsto en una norma con rango de ley aprobada durante la vigencia del estado de alarma y sus prórrogas”.

Con arrego ao exposto o día 14 de marzo de 2020, quedaron en suspenso os prazos para a xustificación das subvencións, restando 18 días para o remate dos prazos establecidos nas bases da convocatoria.

Como queira que o día 1 de xuño de 2020, levántase o a suspensión de prazos administrativos, procede reanudar o cómputo dos prazos, quedando fixado o remate do prazo para a presentación das contas xustificativas para o día 18 de xuño de 2020.



8.- Unha vez rematados os prazos de presentación das contas xustificativas, correspondentes ás entidades culturais relacionadas, revísase a documentación presentada e conséntase que presenta deficiencias dacordo as Bases da Convocatoria para a xustificación das subvencións concedidas. Por este motivo a Presidencia desta Deputación, resolveu, con data 09 de marzo de 2021, requirir ás Asociacións Culturais que se relacionan, para que no prazo improrrogable de 10 días, presenten a documentación requirida, advertíndoselles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, previo trámite do expediente.

9.- Con data 29 de marzo de 2021, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.

10.- Transcorrido o citado prazo de 10 días que se lles concedeu as asociacións relacionadas, e non sendo atendido o citado requerimento, ou sendo atendido este pero presentada a documentación incorrectamente, a Presidencia desta Excma Deputación de Lugo, resolveu, con data 04 de Maio de 2021, iniciar o expediente de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2019, aprobadas pola Xunta de Goberno de 11 de decembro de 2019, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

11.- Con data 07 de Maio de 2021, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada, na que se lles comunica, que segundo a Resolución da Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2005, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.

12.- Transcorrido o prazo de 10 días, establecido para o trámite de Audiencia, as Asociacións Culturais citadas, non presentaron, neste Organismo, a conta xustificativa requirida no punto 11 das Bases da Convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de

subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2019.

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

1º.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións relacionadas, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 11 de decembro de 2019, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a actividades de interese cultural realizadas por entidades asociativas, ano 2019, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 290 de 19 de decembro de 2019, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS, e puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2005, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
AA.VV. SAN ANDRÉS DE CASTRO	VIAXES CULTURAIS	671,00€
ASOC. DE VECINOS DE AS CARBALLEIAS DE BOSENDE – PAREDES ANGUIEIRO	VIAXE CULTURAL	760,00€
ASOC. SENIOR DE TELEFÓNICA DE LUGO	XUNTANZA DE ASOCIACIÓNS EN VIGO	500,00€
ASOC. DE MÚSICA CREATIVA	MASTERCLASS MÚSICA E CONCERTO, OBRADOIRO NARRACIÓN, MÚSICA E CANTO, CONCERTOS DIDÁCTICOS	615,00€
ASOC. DE SENDEIRISMO “PASO MIÚDO”. O VALADOURO	VIAXE CULTURAL	445,00€
APA COLEGIO PÚBLICO DE MEIRA	XOGOS POPULARES, HORTA GALEGA E TEATRO DE MARIONETAS	820,00€
ANPA CEIP ALBEIROS	NADAL, MAGOSTO, MÚSICA, TÍTERES, MAXIA	801,00€

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



19.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS RENUNCIAS DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2020.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 20 de novembro de 2020, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm 273 do venres 27 de 2020, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
Club Taboada Femenino FS	Fútbol	1.514,00 euros

20.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeiro.- *Sentenza nº 41/2021.*

Dase conta da Sentenza nº 41/ 2021 de 8 de marzo, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, no Procedemento Abreviado nº 224/2020, seguido a instancia de D. José Manuel Paz Castro fronte á desestimación da reclamación de responsabilidade patrimonial polo danos materiais sufridos nun tractor con remolque marca John Deere, e en cuxo fallo dí o seguinte: *“Que debo estimar y estimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por la representación procesal de D. José Manuel Paz Castro frente a la Excm. Diputación Provincial de Lugo seguido como proceso abreviado número 224/2020, contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento, que se declara contraria a Derecho y se anula; y en consecuencia*

debo condenar y condeno a la Administración demandada a indemnizar al demandante en la suma de 3.632,90 euros, más los intereses legales devengados desde el 17 de julio de 2020”.

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade, dar cumprimento á citada Sentenza; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, da cantidade de 300 euros, importe da franquicia do seguro de responsabilidade que ten contratado esta Deputación.

Segundo.- *Sentenza nº 187/2021.*

Dase conta da Sentenza nº 187 de 10 de maio de 2021, ditada pola sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X de Galicia, na que se estima o recurso interposto pola Deputación de Lugo contra a sentenza nº 228/2020 de 9 de decembro ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo dentro do procedemento Ordinario 182/2019 na que se estima o recurso contencioso interposto fronte ao acto administrativo que anula o sentido de deixar sen efecto a incoación do procedemento de imposición de penalidades á mercantil Limpergal nos termos do artigo 150.2 da LCSP, e que en cuxo fallo di o seguinte: *“Que debemos estimar y estimamos el recurso de Apelación núm. 7021/2021 interpuesto por el Letrado de la Diputación de Lugo contra la sentencia recaída en los autos de recurso contencioso- administrativo tramitados como Procedimiento Ordinario núm. 182/2019, que estima el recurso interpuesto por la mercantil Limpergal S.L. contra el acto administrativo que se ha descrito en el F J Primero de esa sentencia, el cual se anula en el sentido de dejar sin efecto la incoación del procedimiento de imposición de penalidades a dicha mercantil recurrente en los términos del art. 150.2 de la LCSP, sentencia que se Revoca por no ser conforme a derecho, con la consiguiente desestimación del recurso formulado en la instancia inferior.”* A Xunta de Goberno queda enterada.

21.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.